O MOMENTO **É AGORA**

Porque uns océanos sans son máis necesarios ca nunca. Volve conectar co mar, goza das súas historias en múltiples formatos e anímate a actuar polo seu futuro.

En www.festivalmardemares.org tes toda a información actualizada, reservas ou compras de entradas.

Todas as actividades celebraranse seguindo a normativa sanitaria e será precisa a inscrición previa. Infórmate na nosa web dos posibles cambios e das actividades que poderán ser visualizadas por vía dixital.

FESTIVAL mar de mares

A CORUÑA, CULTURA DO MAR
24-27 SETEMBRO 2020
festivalmardemares.org

© ISABEL MUÑOZ

FESTIVAL mar de mares
A CORUÑA 24-27 SETEMBRO

FESTIVAL mar de mares

A CORUÑA
24-27 SETEMBRO 2020
festivalmardemares.org

O MOMENTO **É AGORA**

PROGRAMA DE ACTIVIDADES









FESTIVAL
mar de mares

A CORUÑA, CULTURA DO MAR
24-27 SETEMBRO 2020
festivalmardemares.org

* **Todas as actividades requiren inscrición previa na web do Festival.**

DESCARGA O PROGRAMA DESDE O MÓBIL

ACTIVIDADES FÓRA DAS DATAS PRINCIPAIS

24 SETEMBRO a 15 OUTUBRO

EXPOSICIÓN ISABEL MUÑOZ: O MAR

A través das súas imaxes, Isabel Muñoz, Premio Nacional de Fotografía, reflexiona sobre todo o que os océanos achegan á nosa vida. Os mares como orixe da nosa existencia e lugar ao que volvemos, buscando o noso lado máis animal.

- *Dársena da Mariña*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta*

VARIOS DÍAS, de 10:00 a 14:00 h

GASTRONOMÍA: COCIÑA A BORDO

O mellor plan para unha mañá de fin de semana en setembro: navegar pola baía no Juan de Lángara e probar os bocados mariñeiros preparados durante a travesía por catro dos cociñeiros máis atlánticos da Coruña.

SÁBADO 5 SET.
Juan Crujeiras, Restaurante Bido

DOMINGO 13 SET.
Iría Espinosa, Rest. Árbore da Veira

SÁBADO 19 SET.
Adrián Felípez, Restaurante Miga

SÁBADO 26 SET.
Iván Domínguez, Restaurante NaDo

- *Goleta Juan de Lángara, Peirao do Parrote, s/n*
- *De 18 a 70 años*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*



SÁBADO 19, de 11:15 a 13:15 h

VISITA INTERMAREAL EN FAMILIA: NA BUSCA DO TESOURO

Coa marea baixa, descubriremos a vida secreta da praia cos expertos do Centro Oceanográfico da Coruña, ao tempo que axudamos a manter a praia limpa.

- *Lugar As Xubias (punto de encontro nas Xubias de Arriba, 15 - 15006 A Coruña, fronte ao CEE María Mariño)*
- *Público xeral e familias*
- *Entrada gratuíta, logo de inscribirse*

25 e 26 SET., de 19:00 a 22:00 h
27 SET., de 10:00 a 13:00 h

VISITAS: A CORUÑA DESDE O MAR. TRAVESÍA EN GOLETA

A cidade vista desde o mar. Un paseo pola ría para coñecer a riqueza da paisaxe e do ecosistema mariño, acompañados da experta tripulación do histórico veleiro Juan de Lángara.

- *Goleta Juan de Lángara, Peirao do Parrote, s/n*
- *De 18 a 70 anos*
- *20€, logo de inscribirse*

VARIOS DÍAS, de 11:30 a 13:00 h

VISITAS: PASEOS A PÉ POLA CIDADE-BARCO

Unha rocha no mar, iso é A Coruña, unha cidade-barco. Xurxo Souto, coñecedor de todas as historias que vinculan A Coruña co mar, conduce dous paseos para mergullarse no máis profundo desa conexión.

DOMINGO 20 SET.
As pedras do Mar da Torre

DOMINGO 27 SET.
Tras das pegadas do gremio de mareantes

- *De 18 a 70 anos*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*

ACTIVIDADES ESCOLARES

VISITA INTERMAREAL PARA ESTUDANTES

Unha oportunidade única para iniciarse no apaixonante mundo das especies mariñas e na profesión de biólogo mariño, da man dos expertos do Centro Oceanográfico da Coruña a pé de praia.

- *Praia As Xubias*
- *Estudantes de secundaria, bacharelato e ciclos*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*

ENCONTROS INSPIRADORES OFICIOS DO MAR

Unha excelente oportunidade para que os estudantes do ámbito xeográfico do Golfo Ártabro Sur, na provincia da Coruña, coñezan vías profesionais vencelladas ao mar.

- *En centros educativos de secundaria de Arteixo, Bergondo, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada que o soliciten*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*

XOVES 24 SETEMBRO

HORARIO: 6:00 - 9:00 h

GASTRONOMÍA: O CRU E O COCIDO

Ven coñecer os segredos da poxa de peixe que chega ao porto da Coruña e goza despois dun almorzo mariñeiro.

- *Lonxa da Coruña*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*



HORARIO: 19:00 – 19:30 h

ENCONTRO INSPIRADOR: ÁS VOLTAS COAS RODAS

Presentación da peza de vídeo-arte da artista Susana Sanromán, a partir de pneumáticos fóra de uso, como parte do programa Signus Actúa.

- *Fundación Luis Seoane*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*

HORARIO: 20:00 - 21:00 h

ENCONTRO INSPIRADOR: ARQUEOLOXÍA SUBMARINA, UNHA AVENTURA NO FONDO DO MAR

Miguel San Claudio, arqueólogo e submarinista con máis de 20 anos de experiencia, fará un percorrido polo patrimonio cultural subacuático en Galicia, un recurso que hai que protexer.

- *Fundación Luis Seoane*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*

O MOMENTO
É AGORA
festivalmardemares.org

VENRES 25 SETEMBRO

HORARIO: 17:00 - 19:00 h
e sábado e domingo mañá e tarde

DEPORTE. PÁDEL SURF: INICIACIÓN E TRAVESÍA

O equipo da escola Bitácora Paddle Surf impartirá un curso básico de navegación e posición sobre a táboa. Se xa tes nocións básicas, poderás realizar unha travesía con baixa dificultade pola zona da praia de Santa Cristina.

- *Bitácora Paddle Surf. Avda. das Américas 55b, Praia de Santa Cristina*
- *A partir de 8 anos de idade*
- *5 €, logo de inscribirse T. 619 100 370*

HORARIO: 18:00 - 19:00 h

ENCONTRO INSPIRADOR: ENERXÍAS RENOVABLES, A CLAVE PARA UN FUTURO VERDE E AZUL

Tres expertos na materia, que representan distintos modelos enerxéticos, darannos as claves para entender os novos xeitos de xerar e consumir enerxía.

- *Auditorio Fundación Paideia*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*

HORARIO: 20:00 - 21:00 h

ENCONTRO INSPIRADOR: ISABEL MUÑOZ E AI FUTAKI. A DANZA DO MAR

A fotógrafa española e a mergulladora xaponesa contarannos as experiencias vividas durante a realización das fotografías da mostra e falarannos do motivo e da orixe da súa paixón pola danza e o mar.

- *Domus (Sala Imax)*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*

SÁBADO 26 SETEMBRO

HORARIO: 12:00 - 13:00 h

PROXECCIÓN E ENCONTRO INSPIRADOR COS HEROIS DO MAR

Dous breves documentais para coñecer o traballo dos equipos de Salvamento Marítimo e algún dos rescates máis heroicos e complicados. Hugo Dopazo, rescatador, contaranos como é o día a día destes homes e mulleres, a esperanza de toda embarcación á deriva.

- *Domus (Sala Imax)*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*

HORARIO: 17:00 - 18:00 h

PALABRAS QUE BATEN COMA ONDAS: NACHO CARRETERO E DOMINGO VILLAR

Dous escritores galegos con dous rexistros moi diferentes, o do xornalismo de investigación e o da novela negra, compartirán a súa experiencia literaria que ten no mar de Galicia unha gran fonte de inspiración.

- *Auditorio Fundación Paideia*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*

HORARIO: 18:00 - 18:30 h

VISITAS: SALVAMENTO NA BAÍA DA CORUÑA

Un equipo de Salvamento Marítimo realizará, dende mar e aire, un simulacro. Unha oportunidade única para entender o traballo destes heroes mariños.

- *Zona de costa entre o Centro Oceanográfico e a enseada de Santo Amaro*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*

HORARIO: 18:30 - 19:30 h

ENCONTRO INSPIRADOR CON YAYO HERRERO: CLAVES PARA UN NOVO MODELO ECONÓMICO E SOCIAL

Unha das voces máis relevantes da nova ecoloxía social e do ecofeminismo, Yayo Herrero, alertará sobre a necesidade dun cambio de modelo para combater a crise ecolóxica e poder cumprir os Obxectivos para o Desenvolvemento Sustentable da ONU.

- *Auditorio Fundación Paideia*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*

HORARIO: 20:30 - 22:30 h

PROXECCIÓN: PLANET OCEAN

Unha profunda mirada de impresionante beleza aos misterios do océano, dirixido por Yann Arthus-Bertrand. Proxección precedida da estrea do documental "*As veas da terra*", que narra o valor do ecosistema polo que discorre a auga que bebemos na comarca da Coruña.

- *Domus (Sala Imax)*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*

DOMINGO 27 SETEMBRO

HORARIO: 11:30 - 13:45 h

PROXECCIÓN: OCEAN FILM FEST

Sete historias cativadoras de amor polo mar. Baleas e osos polares mestúranse con submarinistas, surfeiros ou activistas ambientais. Descubre o mar como fonte de inspiración e escenario de infinitas aventuras.

- *Domus (Sala Imax)*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*

HORARIO: 12:00 - 13:00 h

DANZA: MASTER CLASS CON CAMILLE HANSON

Ao bordo do mar, traballaremos a danza como manifestación de pracer e exploraremos a relación do noso corpo coa natureza.

- *Praia do Orzán*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*

HORARIO: 18:30 - 19:30 h

ENCONTRO INSPIRADOR. ACTIVISMO POLO FUTURO DOS MARES

Representantes de Fridays for Future, Sea Shepherd e Extinction Rebellion compartirán cos asistentes as diversas accións pendentes para frear o cambio climático e a deterioración dos océanos.

- *Auditorio Fundación Paideia*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*



HORARIO: 20:00 - 20:30 h

DANZA. EARTH. SEA. SKY. CAMILLE HANSON COMPANY

Por primeira vez en Galicia, este espectáculo inspirado na interdependencia entre o ser humano e o mundo natural e na necesidade de ampliar a nosa empatía e responsabilidade ambiental.

- *Praza de María Pita*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*

No noso **Mercado do Mar en liña** poderás coñecer pequenos grandes produtores que traballan con recursos mariños con criterios de sustentabilidade. E se **participas nos sorteos**, poderás **gañar algúns dos seus produtos**. Visita o Mercado do Mar en **www.festivalmardemares.org**

E do **7 ao 30 de setembro,** nas **Bibliotecas Verdes da rede de bibliotecas municipais e na FNAC,** atoparás un punto de interese con todo tipo de libros e películas sobre os océanos.